



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
IES FERROL VELLO

Rúa Alonso López, s/n.
15401 FERROL
Telf/Fax: 981353409
E-mail: ies.ferrol.vello@edu.xunta.es
<http://institutoferrolvello.es>



INICIATIVA DE EMPREGO XUVENIL
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE invista no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
2º DE ESO CURSO 2015-2016



1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

Con este criterio preténdese avaliar se o alumnado comprende textos orais procedentes dos programas de carácter informativo dos medios de comunicación e é capaz de obter deles e seleccionar os datos relevantes. Tamén se pretende comprobar se é quen de recoller en esquemas e resumos o contido máis significativo de presentacións e exposicións orais sinxelas feitas na aula. E, finalmente, se se seguen normas e instrucións recibidas oralmente.

2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos escritos dos ámbitos social e académico, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.

Con este criterio preténdese comprobar se o alumnado comprende textos propios da vida cotiá como diarios ou cartas persoais; dos medios de comunicación, como noticias, reportaxes, crónicas... e do ámbito académico, como entradas de enciclopedias e de dicionarios, webs educativas, etc.

3. Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de

relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.

Con este criterio preténdese comprobar cal é a capacidade do alumnado para expoñer oralmente informacións de actualidade e breves informes de tema académico seguindo un guiión previamente elaborado e axudándose eficazmente dos medios audiovisuais e das TIC. Preténdese tamén que sirva para valorar a calidade das súas interaccións orais, tanto cando fala como cando escoita. Valoraranse habilidades lingüísticas e actitudes: a corrección, o respecto aos valores democráticos

e ás regras sociocomunicativas, a actitude dialogante e atenta ás expresións ou opinións das outras persoas, a pertinencia e elaboración das intervencións e a manifestación de ideas propias.

4. Escribir -a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas- textos propios dos medios de

comunicación e dos ámbitos social e académico. Planificar e revisar os ditos textos con progresiva autonomía aplicándolles normas de coherencia, de cohesión, de corrección e de precisión léxica.

Este criterio permitiralle ao alumnado demostrar se é quen de redactar contos, diarios persoais, cartas, solicitudes, crónicas e reportaxes, resumos ou exposicións académicas sinxelas... previamente planificados mediante esquemas que reflectan as ideas que se queren expresar. Tamén permitirá comprobar se se coída a presentación e se se revisan as propias producións, aproveitando para todo isto os propios coñecementos e as posibilidades que ofrecen procesadores de textos, correctores ortográficos ou dicionarios e glosarios en diversos soportes.

5. Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.

Este criterio permite avaliar a capacidade de usar con efectividade recursos variados suxeridos polo profesorado e outros descubertos polo propio alumnado para seleccionar información e incorporala a sinxelos traballos de aula.

6. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.

Con este criterio procúrase comprobar como se usa a reflexión sobre a lingua e as normas de uso para a mellora da comprensión e mais da composición e revisión textuais. Avalíase, sobre todo, a aprehensión do funcionamento dos mecanismos de cohesión, da adecuación e da gramaticalidade e a súa incorporación ás propias producións, recoñecendo os erros e considerándoos parte do proceso de aprendizaxe.

7. Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.

Este criterio permitirá saber se se inducen e asimilan as formas e as regras lingüísticas a través dos usos contextualizados e se se coñece e se usa de forma adecuada a terminoloxía necesaria para seguir as explicacións e as actividades sobre a lingua que se realizan na aula. Avaliarase tamén a progresiva autonomía na obtención de todo tipo de información lingüística en dicionarios e outras obras de consulta.

8. Observar os condicionamentos actuais da valoración e uso social da lingua galega e utilízala con fluidez e normalidade nos máis diversos contextos comunicativos.

Con este criterio avaliarase a comprensión, a través dun achegamento activo, do noso contexto sociolingüístico a respecto de usos e actitudes, considerando a valoración das actuacións normalizadoras, a reflexión diante dos prexuízos e a adopción de actitudes positivas cara ao uso normalizado da lingua.

9. Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.

Este criterio permite avaliar o recoñecemento da diversidade lingüística e cultural e a comprensión das principais situacións sociolingüísticas.

10. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionando o seu sentido coa propia experiencia e valorando o uso dos elementos do xénero, o punto de vista e o emprego da linguaxe.

Este criterio está dirixido a avaliar a competencia lectora no ámbito literario a través da lectura persoal de obras completas axeitadas á idade. Considerarase a elaboración dunha opinión propia fundamentada, atendendo á potencialidade dos trazos temático-formais para ampliar o coñecemento do mundo que cada quen posúe.

11. Utilizar os coñecementos literarios na comprensión de textos breves ou fragmentos, atendendo especialmente aos trazos dos subxéneros e á funcionalidade dos recursos retóricos. Con este criterio avalíase a comprensión e valoración de textos representativos do sistema literario a partir dos comentarios realizados na aula. Porase especial atención na identificación das características dos distintos subxéneros e na captación do valor funcional dos recursos retóricos.

12. Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

Avaliarase a través deste criterio a implicación en obradoiros literarios de (re)creación a partir de modelos, con comprensión dos distintos recursos, fundamentalmente estilísticos, dos

textos lidos e comentados na aula. Terase que comprobar que o alumnado é quen de empregar nos propios escritos determinados coñecementos literarios.

Neste curso 2015/16 non só o alumnado de 1ªA e 2ª A participará no taller de escritura, senón que participará todo o alumnado dos cursos de 1ªA e B e 2ªA e B.
O alumnado de A.C. participarán no taller cunhas actividades adaptadas a eles.

1.2. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, análise do proceso de ensino e da práctica docente, e análise do propio Proxecto Curricular.

A avaliación concíbese e practícase da seguinte maneira:

- **Individualizada**, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- **Integradora**, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que se seleccionan.
- **Cualitativa**, na medida en que se aprecian tódolos aspectos que inciden en cada situación particular e que se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- **Orientadora**, dado que lle achega ó alumno ou á alumna a información precisa para mellora-la súa aprendizaxe e adquirir estratexias axeitadas.
- **Continua**, xa que atende á aprendizaxe como proceso, contrastando os diversos momentos ou fases. Contémplanse tres modalidades:
 - Avaliación inicial. Proporciona datos verbo do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferencias e unha metodoloxía axeitada.
 - Avaliación formativa. Concédelle importancia á evolución ó longo do proceso, conferindo unha visión das dificultades e progresos de cada caso.
 - Avaliación sumativa. Establece os resultados ó remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

Debido á complexidade da situación lingüística na nosa sociedade mostraremos na avaliación os seguintes pasos:

1. Avaliación como diagnóstico ou constatación didáctica e tamén como alternativa para a superación das deficiencias ou para asentar os coñecementos adquiridos.
2. Avaliación contributiva á superación dos problemas Idiomáticos, se os houbera, no acto educativo .
3. Avaliación para paliar as interferencias idiomáticas.

Ó principio de curso é necesario facer unha avaliación inicial de detección de problemas e de transmisión de información para coñecer entre outras:

- Lingua na que o alumno habitualmente se expresa.
- Membros da súa familia que teñen o galego ou castelán como primeira lingua.
- Grao de coñecemento dos dous idiomas.
- Lecturas realizadas nunha e outra lingua ... ,etc.

Ningún método ou técnica vai ser utilizado na avaliación de forma exclusiva senón que se combinarán con varios instrumentos para ter unha avaliación do maior numero posible de aspectos. Teranse en conta para a avaliación e cualificación do alumnado os seguintes factores:

- Actitude positiva e interese cara á materia.

- Caderno de traballo do alumno:

Terán que figurar todas as actividades coa data correspondente, ordenadas e corrixidas con bolígrafo verde. A non realización de tarefas fará que o alumno leve unha nota a asinar polos seus pais.

- Ficha da profesora para o seguimento do traballo diario. Terase en conta:

 - rendemento: aplicación de coñecementos adquiridos

 - profundización : busca de información, realización de actividades de ampliación, elaboración ,de conclusións

 - achegas orixinais e creativas

 - interese, comportamento e actitude cara a materia.

 - participación e colaboración cos compañeiros e compañeiras

 - emprego da lingua galega nas intervencións orais na aula

 - cumprimento e puntualidade nos prazos de entrega .

- Autoavaliación do alumnado e autocorreccións .

- Traballos escritos individuais. Terase en conta:

 - organización do discurso

 - coherencia, cohesión, puntuación

 - corrección morfosintáctica , e ortográfica

 - léxico sen castelanismos

 - presentación e caligrafía

 - orixinalidade e creatividade .

 - creación de textos literarios, creación de poemas seguindo certas pautas, valorando se os coñecementos adquiridos foron o punto de partida para unha produción literaria propia.

- Comentarios de textos e fragmentos, dependendo do curso con busca de materiais , manexando diferentes fontes .

- Exposición oral de traballos previamente planificados

 - organización do discurso

 - coherencia e cohesión

 - corrección morfosintáctica

 - léxico sen castelanismos

 - entoación, volume, e interacción co resto do grupo.

 - orixinalidade e creatividade.

- Probas semanais, mensuais ou trimestrais .

- Realizaranse probas sorpresa para comprobar o grao de estudo diario.

- Haberá tres avaliacións e un exame final de toda a materia.

- Se un alumno suspendese algunha avaliación fará unha proba de toda a materia no mes de xuño, incluíndo as lecturas obrigatorias de cada avaliación. En caso de obter unha cualificación negativa terá que presentarse á proba de setembro. Nesta proba de setembro entrará toda a materia dada no curso e as lecturas obrigatorias.

- A profesora ten a facultade de eliminar a proba final, se o considerase oportuno, ao alumnado que teña superadas as tres avaliacións coas lecturas correspondentes.

- Lectura en voz alta (velocidade , entoación, pausas, dramatización ...)

- Lectura comprensiva: Distinguir as ideas principais e valorarase a busca de información .

- Lectura de libros propostos , así como a confección dunha ficha onde consten os datos de autor, ilustrador, . titulo, editorial, lugar e ano de edición, I.S.B.N.etc.

As lecturas serán obxecto de exame en cada trimestre. Será condición indispensable para conseguir o aprobado da materia de Lingua Galega que haxa no exame de cada unha delas unha clara constatación da súa lectura e estean aprobadas.No exame das mesmas o alumnado terá que facer localizacións partindo da lectura de distintos párrafos da novelita por parte da profesora. O alumnado tentará de localizar o escoitado, tendo que poñer só a páxina unha vez localizado o párrafo.

- Traballo en grupo:

organización e distribución das tarefas
colaboración entre os compoñentes
esfuerzo e autosuperación
que o contido se axuste á actividade proposta polo profesorado
os mesmos que nas exposicións orais e nos traballos escritos.

- Terase en conta que o alumnado utilice o dicionario na busca de significados do vocabulario descoñecido. Teñen que habituarse a usa-las palabras con precisión e adecuación nos textos, tanto orais como escritos, que produzan. O alumnado alternará a determinación do significado polo contexto e a consulta do dicionario, tanto na aula como fóra.

- O curso 2º, como actividade complementaria á súa formación, presentará un traballo escrito, coas pautas dadas pola profesora, consistente na busca de información dun tema elixido e a súa posterior exposición na clase. Como data límite para a entrega e exposición será a mediados do mes de abril.Á falta da súa presentación e/ou exposición será motivo de ter unha avaliación negativa no mes de xuño. Se a profesora o considerase conveniente, ou se pola súa temática fose interesante para o resto do alumnado, poderíase facer unha exposición pública ao resto da comunidade escolar.

No tocante á actividade complementaria, á elaboración dun traballo de investigación consistente na busca de información dun tema elixido ou marcado pola profesora, a súa posterior exposición na clase e a súa presentación escrita, a data límite para a entrega e cualificación será a mediados do mes de febreiro. Poderase facer unha exposición final se a temática dos mesmos é interesante para o resto do alumnado do IES.

Actividade a realizar polos cursos 2ºA e B.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación do alumnado será unha media ponderada entre os seguintes aspectos:

- Exames de avaliación, probas semanais, mensuais ou trimestrais, orais e escritas. Exames que se puntuarán de 0 a 10 puntos. Para aprobar un exame haberá que obter unha nota igual ou superior a 5. Farase tamén un exame do apéndice gramatical que contará para facer media sempre e cando a nota dos exames sexa un mínimo de aprobado. A nota media dos exames suporá o 90% da nota final da avaliación, o 10% restante obterase da observación diaria do traballo de clase a través de:
 - Notas de clase.
 - Actitude positiva e interese cara á materia.
 - Caderno de traballo do alumno coas actividades ordenadas e corrixidas.
 - Ficha da profesora para o seguimento do traballo diario.
- Traballos individuais e en grupo, cumprindo os prazos de entrega e presentándoos axeitadamente.

- Emprego da lingua galega nas intervencións orais da aula.
- Respecto cara aos compañeiros e profesorado.
- Os alumnos con A.C serán cualificados seguindo os mesmos procedementos pero adaptando as probas, traballos e exames ás súas características.
- A nota mínima para obter unha avaliación positiva é de cinco (5).
- Haberá tres avaliacións e un exame final de toda a materia incluíndo as lecturas obrigatorias. A profesora ten a facultade de eliminar esta proba final de toda a materia, se o considera, para o alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas e aprobadas tamén as lecturas das lecturas obrigatorias de cada avaliación.
- Se un alumno suspendese algunha avaliación fará unha proba de toda a materia no mes de xuño, incluíndo as lecturas obrigatorias de cada avaliación, das que se lembra que é condición indispensable aprobalas. En caso de obter unha cualificación negativa terá que presentarse á proba de setembro con toda a materia e as lecturas correspondentes.
- Se un alumno fose descuberto copiando nun exame, suspenderao de xeito automático.
- Terase en conta a realización en prazo dos traballos escolares.
- Se un alumno/a tivese unha falta grave de comportamento, actitude...etc. na materia de Lingua Galega, ou tivese unha conduta negativa e reiterativa pode suspender a avaliación correspondente.

3. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- Novelas de lectura obrigatoria.
- Aplicar adecuadamente as regras ortográficas,
- As palabras e clases.
- Vocabulario temático correspondente a cada unidade didáctica .
- A oración : suxeito, predicado e núcleos.
- O predicado. Clases.
- A oración: os complementos verbais :obxecto directo, indirecto, atributo, complemento predicativo, complemento circunstancial ...
- A antonimia. Homonimia.
- Suxeito léxico. Suxeito gramatical. Suxeito elíptico.
- Oracións impersoais.
- Oracións con verbo pronominal.Oracións reflexivas, recíprocas, pseudorreflexas.
- Uso das maiúsculas.
- A acentuación.O acento diacrítico.
- A diérese.
- O conto popular, as lendas ,novelas.
- O cómic .
- O verso: medida dos versos, licenzas métricas.
- A estrofa. Principais estrofas.
- A poesía. Características.
- Poema. Verso libre.
- Os recursos literarios ou estilísticos.
- A solicitude, a reclamación .
- Abreviaturas e siglas.
- A orixe do léxico galego: o latín. · Voz activa e voz pasiva .
- Lírica popular. O cancionero popular.
- Voz activa o voz pasiva.
- A noticia .
- As oracións transitivas , intransitivas, reflexivas, recíprocas ...
- Clases de oracións simples.

- Lírica culta .
- Palabras patrimoniais. Cultismos .
- A representación e a interpretación teatral.
- Préstamos e estranxeirismos.
- Apéndices de gramática e conxugación verbal.

-O indicado de cada U.D. no apartado 4.3.Secuencia de contidos.

No tocante ao Vocabulario temático correspondente a cada unidade didáctica, destacar que cada exame de avaliación terá unha pregunta dos vocabularios específicos de cada tema de que se compón o exame. Dito exame terá unha pregunta de 15 a 20 vocábulos onde terá que haber unha constatación do seu estudo para que haxa unha avaliación positiva. Por ese motivo a pregunta de vocabulario non será puntuado con nota numérica de 1 a 10, pola contra terá que estar perfectamente respondido, levando como nota un moi ben ou un ben se hai algunhas pequenas faltas.Se fan a metade do vocabulario levarán como nota un regular...etc. Nos exames de avaliación das lecturas obrigatorias constarán de preguntas de comprensión lectora e de catro localizacións. Permitíndose un fallo na localización e outro nas preguntas de comprensión lectora para que haxa unha avaliación positiva nos libros indicados.

No apartado do cómic, o alumnado fará unha ampliación do estudado no 1º curso. Farán individualmente unha tira ou plana empregando os tipos de plano, liñas de movemento, liñas cinéticas, tipos de globos...etc.Traballo que pode ser exposto segundo se cumpren coas pautas dadas pola profesora.

Actividade a realizar polos cursos 2º A e B.